

# SGHN. Documento de posición

## Centrais térmicas de biomasa

Tendo en conta as recomendacións do Comité Científico da Axencia Europea de Medio Ambiente (15-09-2011):

- As regulacións e obxectivos das políticas da UE deben revisarse para promover o uso de bio-enerxía só a partires de biomasa adicional que reduza as emisións de "Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), sen desprazar outros servicios dos ecosistemas como o subministro de alimentos e a produción de fibra.
- Os estándares para contabilizar os GEI deben reflectir completamente todos os cambios nas cantidades de carbono almacenadas nos ecosistemas e nas entradas e saídas de carbono dos ecosistemas que resulten da produción e uso de bio-enerxía.
- As políticas sobre bio-enerxía deben promover a produción de enerxía a partires de sub-productos de biomasa, refugallos e residuos (agás se son precisos para manter a fertilidade do solo). As políticas sobre bio-enerxía deben tamén promover a produción integrada de biomasa que se engada á produción de alimentos e non desprace a esta.
- A nivel mundial, os centros de decisión e as partes interesadas deberían axustar as expectativas globais de uso de bio-enerxía a niveis baseados na capacidade do planeta para xenerar biomasa adicional, sen por en perigo os ecosistemas naturais.

SGHN considera que todos os proxectos de aproveitamento enerxético en centrais térmicas de biomasa deberán facer unha análise previa rigorosa da súa sostibilidade en termos de:

- Redución real no consumo de combustibles fósiles (balance favorable de Toneladas Equivalentes de Petróleo (TEP) xeneradas fronte as consumidas).
- Redución real da liberación de gases de efecto invernadoiro (GEI), é dicir deberan ter un balance favorable inmisións-emisións de GEI, non só de CO<sub>2</sub>.
- Efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais, e os aspectos socioeconómicos.

Santiago, a 29 de decembro de dous mil dezanove.